

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 8 DE XULLO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta e tres minutos do día oito de xullo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS DO 17 E 25 DE XUÑO E 1 DE XULLO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas do 17 e 25 de xuño e 1 de xullo do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

A.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaranse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR AITOR GAYO CURRÁS, DNI nº 36.169.916-R, con endereço en Rúa Fragata Lealtad, nº 6-Cangas, (BAR "RETRAMA"), para a ocupación de 36,00 m2., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JULIA CORDEIRO MALLO (TABERNA "O ARCO"), con DNI nº 78.733.222-J, con endereço en Praza do Arco, nº 8-Cangas, para a ocupación de 24,00 m2., no referido lugar.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GERMÁN CANCELAS SILVA ("PANACOTA"), con DNI nº 73.240.537-G, con endereço na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., na Avda. de Ourense, nº 80-Rodeira-Coiro.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARCIAL IGLESIAS ESTÉVEZ, (BAR "CRISMAR"), con DNI nº 76.834.570-B, con endereço en Aldea de Arriba, nº 1-4º esquerda-Coiro, para a ocupación de 12,00 m2., diante do local sito na Avda. de Montero Ríos, nº 5-Cangas.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR CRISTINA CHAPELA SANTOS ("HAMBURGUESERÍA PRAIA"), con DNI nº 35.291.616-W, con endereço na Avda. de Ourense, nº 80-Cangas, para a ocupación de 16,00 m2., na Avda. de Ourense, nº 80-Rodeira-Coiro.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARÍA DEL CARMEN MOREIRA ALONSO (TABERNA "OCTUBRE"), con DNI nº 36.039.065-C, con endereço en Rúa San José, nº 25-Cangas, para a ocupación de 16,00 m2., no referido lugar.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ JORGE FREIRE PÉREZ (CAFETERÍA OASIS), con DNI nº 78.739.500-N, con endereço na Avda. de Marín, nº 7-baixo-Cangas, en representación da entidade "FREIRE HOTEL, C.B.", con CIF nº E-36.379.550, para a ocupación de 12,00 m2. diante do local sito no referido lugar, durante o ano 2013.

As autorizacións suxeitaranse ás seguintes:

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspecciona-lo ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2013, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2013.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

A.2) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON DEFICIENCIAS A SUBSANAR.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder, ós solicitantes que se relacionan de seguido, un prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles, a partir do día seguinte á notificación do presente acordo, para que presenten a documentación pertinente e que se indica a continuación. Se transcorrido o prazo de dez días non subsanan ditas deficiencias, entenderase desistido previa resolución expresa da súa solicitude conforme co artigo 71 da Lei 30/1992.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR HERMESINDO JOSE ALFONSO MOSQUERA FERNÁNDEZ, en representación de "AIRIÑOS DO MAR, S.L.", (CAFETERÍA

"AIRIÑOS DO MAR"), con NIF nº 76.796.652-C, con enderezo na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 30-Cangas, para a ocupación de 50,00 m2., no referido lugar. Falta o documento de licenza de apertura.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ADRIANO LÓPEZ PARCERO, (BAR CACTUS), con DNI nº 78.731.983-Q, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 7-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., con mesas e cadeiras no referido lugar, durante todo o ano 2013. Falta o documento de licenza de apertura.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR DIANA NOVAS PORTELA (CAFETERÍA ANDURIÑA), DNI 53.119.251-S, con enderezo en Rúa Atranco, nº 12-Baixo 3ºJ-Cangas, para a ocupación de 50,00 m2., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, a instalar desde o 1 de xullo ó 30 de setembro. (NON PRESENTA DOCUMENTOS DE LICENZA DE APERTURA, DESEÑO E MEMORIA DESCRITIVA).

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR VANESSA ROJAS ALONSO, DNI nº 53.115.758-H, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 11-Cangas, (BAR "ALBORADA"), para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras na Avda. Montero Ríos. Faltan os documentos de deseño, memoria descritiva e licenza de apertura.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR RUDESINDA BACELAR OUBEL ("ARCO DA LÚA"), con DNI nº 35.313.725-P, con enderezo en Rúa Félix Ozámiz, nº 13-B-Cangas, para a ocupación de 20,00 m2., no referido lugar. Faltan os documentos do ORAL e de licenza de apertura.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARTA FERREIRA RIVEIRO (CAFÉ-BAR "LA GUAGUA"), con DNI nº 53.114.537-Q, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 3-2-A-Cangas, para a ocupación de 20,00 m2., no referido lugar. Faltan os documentos de licenza de apertura, deseño e memoria descritiva.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 4 DE XULLO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que poidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.645.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO "LAS MIMOSAS", con enderezo en Avda. de Moaña, nº 25-2ºA-Cangas, para en Rúa Redondela, nº 4-Rúa Ferrol, nº 10-Cangas, en solo urbano regulado pola ordenanza 3, instalar 2 ascensores e supresión de barreiras arquitectónicas para edificio de vivendas, de conformidade co proxecto visado o 20 de maio do 2013

3.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.377.- O tramitado a instancia de Francisco Javier Pérez Martínez, con enderezo na Rúa Noria, nº 4-Cangas, solicitando prórroga da licenza de un cerramento sito en Parada-Coiro, denégaselle dita prórroga por estar fóra de prazo.

EXPEDIENTE Nº 22.654.- O tramitado a instancia de Alberto Graña Fernández, con enderezo en Rúa Agustín Echeverri, nº 8-Cangas, solicitando a renuncia á licenza de obras para reparacións interiores e reparación de cuberta na Rúa do Hío, nº 25-Cangas, acéptaselle dita renuncia.

EXPEDIENTE Nº 24.581.- O tramitado a instancia de Carolina Casal Méndez, con enderezo na Avda. Martínez Garrido, nº 71-4ºH-Vigo, para en Nerga-O Hío, construír un pozo de barrena, foi denegado por non contar coa parcela mínima de cultivo.

EXPEDIENTE Nº 24.648.- O tramitado a instancia de "LEIRAS DE GONDARÁN, S.L.", con enderezo en Gondarán-Coiro, para no referido lugar denegar a construción dunha leñera de 19,83 m²., por non cumprir os recuados a lindeiros establecidos pola ordenanza SNUA.

3.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.590.- A Juan Manuel Iglesias Portela, con enderezo en Rúa Pintor Laxeiro, nº 13-portal 2-baixo-Vigo, facilítaselle a seguinte información urbanística para terreo sito en Vilanova-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro do 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica

aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- *Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

- *Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais."*

EXPEDIENTE Nº 24.604.- A José Manuel Gómez Queirós, con enderezo na Avda. Ricardo Mella, nº 656-Vigo, facilítaselle a seguinte información urbanística para terreo sito en Arneles-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico e solo de núcleo rural.

- Cualificación urbanística do solo.- SNU-PF e SNUA. O uso de área de acollida de autocaravanas deberá axustarse as determinacións establecidas na lexislación urbanística e normativa sectorial para os campings. Será de aplicación o disposto no art. 33.2. g e no 37.2 da LOUGA. Deberase en calquera caso solicitar a autorización autonómica definida no art. 41 e deberán de cumprir os requisitos establecidos ó respecto nos art. 42 ó 44.

Na zona de núcleo rural será de aplicación o disposto o respecto nas NN.SS municipais sendo de aplicación a ordenanza SNUA. en dita ordenanza está permitido o uso hostelero na 1ª e 2ª categoría.

3.A.4) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.404.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ MARINO.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 29 de maio do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Francisco José Fernández Mariño, con enderezo en Barrio das Flores, nº 15-Darbo, para vivenda sita na Torre, nº 1-San Pedro-Darbo, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 22.548.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.636.- A Manuel Cabaleiro Figueroa, con enderezo en Rúa Doctor Carracido, nº 47-1ºG-Vigo, para en Camiño do Couso, nº 18-B-Vilanova-O Hío, construír un cerramento de 40,00 ml., foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 23.434.- A Josefa Bernárdez Ríos, con enderezo no Xistro, nº 32-Coiro, para no referido lugar, construír unha caseta para garaxe de 28,60 m2., de conformidade co proxecto presentado de abril e xuño do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.431.- A "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", con enderezo en Rúa Real, nº 85-A Coruña, para na Avda. de Lugo, e Avda. da Coruña, executar unha canalización de 487,00 metros, para rede de telecomunicacións, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán iniciar antes do 15 de setembro do ano que andamos.

- Non se permiten reposicións parciais.

- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

- Debe presentar un aval por importe de DEZASETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E TRES CON CORENTA E DOUS (17.853,42) euros, para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 24.568.- A Marcos Rodríguez Santos, con enderezo en Parada, nº 42-B-Coiro, para en Circundado de Parada-Coiro, construír un cerramento de 26,87 m.l., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.641.- A Teresa Bela Kindelan, con enderezo en rúa Cantalejo, nº 4-Madrid, para en Rapadouro-Coiro, demoler unha vivenda unifamiliar, nunha superficie de 200,00 m²., de conformidade co proxecto visado o 3 de xuño do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.642.- A Manuel Ricardo Fernández Ibáñez, con enderezo en Praza Fernández del Riego, nº 3-9ºD-Vigo, para en Santa Marta-Darbo, construír unha piscina descuberta nunha superficie de 127,80 m²., de conformidade co proxecto de xuño do 2013, e que antes do comezo das obras presente proxecto de execución e oficio de dirección.

EXPEDIENTE Nº 24.653.- A Rosario Alonso Gómez, con enderezo en Freixo, nº 38-B-Coiro, para no referido lugar legalizar unha caseta desmontable de 17,97 m2., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE S/N.- A "Telefónica España, S.A.D.", con enderezo na Rúa Urzáiz, nº 131-133-4º-Vigo, para na Avda. de Ourense-esquina Rúa Félix Ozámiz, reparar unha arqueta 5792, de conformidade coa documentación presentada.

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.660/13.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR "TALLERES LONTEIRA CANGAS, S.L."

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a taller de mantemento con exposición e venda de vehículos, sito en Vilariño, nº 24-O Hío, peticiónada por "Talleres Lontreira Cangas, S.L.", con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 1 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

Este punto foi retirado da orde do día.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 4.7.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"En relación ó Servizo Municipal de Xantar na Casa, achéganse os informes correspondentes para:

Proposta de baixa no servizo:

Expediente núm.: 35298842-Y."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

SUBVENCIONS

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2013.

Vista a proposta da Alcaldía de data 4.7.13, referente a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia para a concesión de axuda para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo-2013, que di o seguinte:

"SOLICITUDE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDA PARA A CONTRACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2013.

Publicada no DOG nº119 de data do 25/06/2013 a Resolución do 18 de xuño do 2013, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo de data do 1 de xuño do 2001, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio, polo que se declara municipio turístico galego ó Concello de Cangas, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego e publícase no DOG nº 116 de data do 15 de xuño 2001.

Cumprindo cos requisitos e vistas as necesidades, propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Solicitar unha axuda polo importe de SEIS MIL CORENTA E CATRO CON VINTE E OITO (6.044,28) EUROS, para a contratación de un técnico en Turismo, para o período de dous meses, agosto e setembro, para a Oficina de Turismo de Cangas.

SEGUNDO.- Declarar que o Concello de Cangas para esta solicitude que se formula para a Oficina de Turismo, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia para a concesión de axuda para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo-2013.

7º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS A XUVENTUDE PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS-2013.

Vista a proposta de data 4.7.13 do concelleiro de Xuventude, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo para a realización de actividades dirixidas á xuventude para a promoción da información xuvenil e para incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías-2013, que di o seguinte:

"SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS-2013.

Publicada pola Consellería de Traballo e Benestar a Orde do 26 de xuño do 2013, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013 e se procede á súa convocatoria.

Creada desde o ano 1989 a Oficina Municipal de Información Xuvenil, e que na actualidade está situada na Casa da Xuventude, con horario semanal de atención ó público de luns a sábados, atendendo as demandas do colectivo xuvenil e cunha ampla programación anual de actividades dirixidas aos xóvenes.

Cumprindo cos requisitos da orde e vistas as necesidades, redáctase pola técnica de Xuventude, memoria de actividades dirixidas á xuventude por un importe total de 10.500,00 euros.

Visto o informe sobre a existencia de crédito para facer fronte ó financiamento que debe asumir o concello.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de TRES MIL (3.000,00) euros, para desenvolver as seguintes actividades:

Denominación actividade	Importe con IVE
--------------------------------	------------------------

<i>Atención ao público, funcionamento OMIX</i>	<i>1.000,00</i>
<i>XVI Salón do cómic e ilustración</i>	<i>3.000,00</i>
<i>Exposición de xóvenes artistas</i>	<i>500,00</i>
<i>Directo xove-2013</i>	<i>6.000,00</i>

Segundo.- Declarar que para a celebración do 'XVI Salón do cómic e ilustración', e 'Directo Xove-2013', solicitouse axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das bases PAM (actividades) 2013, e declarar que para a actividade de Atención ó público, funcionamento da OMIX e exposición de xóvenes artistas, non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta do concelleiro de Xuventude transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo para a realización de actividades dirixidas á xuventude para a promoción da información xuvenil e para incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías-2013.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 3.7.13, referente a Decreto dictado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas, polo que se acorda dar por rematado e archivar o procedemento de execución de títulos xudiciais nº 9062/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECRETO DE DATA Nº 176/13 DE 06/06/2013 (FIRME SEGUNDO DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 02/07/2013, DICTADO POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS, POLO QUE SE ACORDA DAR POR REMATADO E ARQUIVAR O PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 9062/2013 (X-10/20).

Visto o Decreto 176/13 de data 06/06/2013 dictado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas, no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 9062/2010, dimanante do procedemento monitorio 5/10, instruído a instancia de 'SERVIMARK, S.L.', polo que se dispón ter por rematado o procedemento de execución seguido, alzar, no seu caso, os embargos trabados e o arquivo das actuacións.

Visto que por Dilixencia de Ordenación de data 02/07/2013 do mesmo xulgado e procedemento se declara a firmeza da mencionada resolución.

Visto que por resolución da Alcaldía de data 08/1 1/2010 en cumprimento do Auto de data 16/09/2013, recaído no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 9062/2010, se recoñecera a cantidade de 1.713,00 euros en concepto de xuros.

Visto que por resolución da Alcaldía de data 26/04/2011, en concepto de taxación de custos no citado procedemento se recoñecera a cantidade de 1.939,82 euros en concepto de custos.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto nº 176/13 de data 06/06/2013 dictado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas, no procedemento de execución de títulos xudiciais nº 9062/2010, dimanante do procedemento monitorio 5/10, instruído a instancia de 'SERVIMARK, S.L.', polo que se dispón ter por rematado o procedemento de execución seguido, alzar, no seu caso, os embargos trabados e o arquivo das actuacións.

Segundo.- Tomar coñecemento da Dilixencia de Ordenación de data 02/07/2013 pola que se declara a firmeza da mencionada resolución.

Terceiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de MIL SETECENTOS TRECE (1.713,00) euros, en concepto de xuros que figura co nº de asentamento 0004728 de 08/1 1/2010.

Cuarto.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de MIL NOVECIENTOS TRINTA E NOVE CON OITENTA E DOUS (1.939,82) euros, en concepto de custos que figura co nº de asentamento 000446 de 26/04/2011.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a Decreto dictado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas, polo que se acorda dar por rematado e archivar o procedemento de execución de títulos xudiciais nº 9062/2013.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.